CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.	PE	70
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.		
CA3.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e a solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.		
CA1.1 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.		
CA2.2 - transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.	TI	30
CA2.11 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza e adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.</li> <li>- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais contemporáneas: do expresionismo á abstracción. A vangarda europea na primeira metade do século XX: o cubismo e o surrealismo a través dos principais artistas españois e galegos.</li> <li>- Expresións artísticas e culturais tras a Segunda Guerra Mundial: as segundas vangardas e as novas formas de expresión artística posmodernas no mundo actual. A arte actual en España e Galicia.</li> <li>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. A diversidade cultural no mundo actual. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial en España e Galicia.</li> </ul>



#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación metodolóxica no proceso de ensino e aprendizaxe da materia de Xeografía e Historia que permitan o logro dos obxectivos e unha adecuada adquisición das competencias poden xirar sobre as seguintes propostas:

Trátase de que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo, permitindo relacionalos entre si e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente.

A organización dos saberes de xeografía e historia, a súa programación e secuenciación poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial para poder traballalos dun xeito operativo, práctico e comprensible.

O papel estrutural dos procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, confire a esta materia un papel central á hora de establecer estratexias interdisciplinares como o traballo por proxectos, incluso ao longo dos catro cursos da etapa, isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe dende unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias.

O interese aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualizalas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, dende unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, xa que facilita dotar aos contidos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permite crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais para ir propiciando que vaian participando e comprometéndose coa contorna e a comunidade.

O desenvolvemento das competencias son o eixe vertebrador da didáctica docente. Por tal motivo, o enfoque metodolóxico das clases debe ser eminentemente práctico e activo poñendo ao alumnado no reto de resolver as tarefas que se lle propoñen, seguindo a máxima de que se aprende facendo. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumando adoita ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitálas para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxes, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado. Deste xeito, poden detectarse os progresos individuais e grupais sen fixarse só nos resultados. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Diversificar metodoloxías vai axudar a que a/o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar as dificultades de aprendizaxe que aparezan e, no seu caso, poñer en práctica os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...)

Tamén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e interacción entre eles. Logo coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas.... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as habilidades, destrezas e intereses.



## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
APUNTAMENTOS E MATERIAIS DO/DA DOCENTE
LIBRO DE TEXTO
AULA VIRTUAL DO CENTRO
CADERNO OU PORTFOLIO DE TRABALLO DO ALUMNADO
ACTIVIDADES ESPECIFICAMENTE MARCADAS
MATERIAL AUDIOVISUAL E VISUAL
LITERATURA, CINE e HISTORIA.
XOGOS DE SIMULACIÓN

Hoxe en día se conta cunha grande diversidade de recursos para empregarse na aula e que o docente pode ir intercambiando adaptándoos a cada momento ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un material de apoio ao profesorado e ao alumnado, xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, debe considerarse máis ben unha guía de traballo pois non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía. Polo tanto, o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso.

O alumnado requirirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e ben presentado, seguindo as pautas e instrucións outorgadas ao inicio do curso. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo do alumnado e do seu progreso, e será revisado polo menos un par de veces por trimestre.

Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Tamén os apuntamentos docentes estarán dispoñibles por este medio, así como outros materiais complementarios e de ampliación de cada unidade (como vídeos, dossiers xornalísticos, textos históricos, etc.). Actividades e traballos monográficos específicos utilizarán como medio preferente a aula virtual, tanto para a súa entrega como tamén de cara á súa avaliación e cualificación, ao obxecto de potenciar as competencias dixitais do alumnado.

As novelas históricas adoitan ser atractivas para recrear feitos históricos e poden lerse na súa totalidade ou algún capítulo destacable. Tamén se utilizará a literatura histórica en xénero de banda deseñada, así como o cinema histórico, segundo o caso.

Pode dispoñerse de Xogos de mesa de feitos históricos para ser empregados nalgunha ocasión, en especial no tocante á historia, xeografía e patrimonio de Galicia.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase e consistirá nos seguintes elementos:

- A proba inicial ou diagnóstica realízase ao comezo do curso, e versará sobre contidos xa vistos en cursos precedentes que esteán en relación cos que se vaian a ver ao longo do curso de 4º da ESO, así como en contidos do temario propios do curso que se vai comezar. Non terá fin avaliativo sumativo, senón diagnóstico e formativo, para comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos. Desta maneira, con esta primeira proba poderemos realizar unha análise do nivel do que parte o alumnado e, a finais de curso, valorar a súa progresión no proceso formativo propio. Asemade, a propia proba de avaliación inicial servirá para indagar algunhas cuestións titoriais vinculadas aos intereses persoais do alumnado en relación coa materia, hábitos e rutinas de traballo ou tamén, nun curso finalista de etapa como 4º da ESO, as súas motivacións e

obxectivos futuros.

- Observación activa: durante as primeiras xornadas de clase, a medida que se establecen e explican as pautas introdutoras da materia e as metodoloxías e técnicas de traballo (tipoloxías cartográficas, sistemas de coordenadas, tipos de documentos xeográficos e o seu comentario), mediante preguntas diagnósticas observárase o coñecemento básico do espazo histórico-xeográfico, físico e humano e detectar así potenciais debilidades.

Así mesmo, outra das vantaxes das avaliacións iniciais son as de ofrecer información adicional sobre o punto de partida do alumnado cara a cada un dos temas que se vai a comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou aqueles que se descoñecen totalmente e son plenamente novos. Asemade, tamén posibilita definir a didáctica e metodoloxía, para abordar a unidade e chegar aos distintos ritmos de aprendizaxe e detectar as posibles confusións e incorreccións que os alumnos teñen sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación. Xa que logo, en cada Unidade Didáctica realizaremos tarefas ou actividades destinadas a diagnosticar os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Tamén ofrecen información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo que realicen propostas didácticas de como queren abordar a unidade. Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que os escolares teñen sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación, ben no momento da posta en común das resolucións da proba inicial ou ben durante a implementación da unidade didáctica mandándolles facer pescudas para que por si mesmos cheguen á conclusión exacta. Dito proceso de avaliación inicial por unidade didáctica consistirá, segundo o caso, na elaboración de cuestionarios preguntas e diagnósticas orais, tests, brainstorming inicial, breves asembleas ou debates ou o visionado de material audiovisual introdutorio.

Os resultados deste proceso poderán orientarnos cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades de reforzo máis axeitadas para o alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	<b>70</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	<b>30</b>

### Criterios de cualificación:

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación e en todas elas o peso da cualificación recae maiormente nas probas escritas, nunha porcentaxe do 70%. En canto ás táboas de indicadores (traballos, cadernos, dossiers, pósters, exposicións orais...) pondéranse sobre o 30% en cada unidade.

As probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver; curtas ou de tipo test; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; de ordenar cronoloxicamente etc. Sempres se especificará o valor

de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia, cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados e que explicará tamén na revisión da proba co alumnado. Finalmente, a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado e que poden consistir en traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; tarefas diarias no caderno ou o cartafol da materia; resumos, sínteses e esquemas; posters; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará algunha categoría que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo.

En conclusión, podemos considerar unha media ponderada global das probas escritas dun 70% e os traballos monográficos, tarefas e outras actividades diarias sobre un 30%. Será condición para realizar a media dos exames escritos ter unhas cualificacións nos diferentes exercicios superior a 3.5 puntos. Haberá un mínimo de dous exames por trimestre.

En canto á cualificación de cada avaliación, esta será o resultado de:  $[(\text{Media Exams.} \times 0,70) + (\text{Media rúbricas T.I.} \times 0,30)]$ . Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa de 5 ou superior. Porén, se o docente observa que un alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación (vid. infra).

A cualificación final do curso calcularase facendo a media das avaliacións trimestrais.

### **Criterios de recuperación:**

Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que dependerá de cada caso:

1. Polo que respecta a aquel alumnado que, acadando unha cualificación nos exames suficiente, pero que non chegue aos obxectivos mínimos globais debido a unha avaliación negativa do seu traballo diario (ora por non ter seguido as instrucións docentes, ora por non ter realizado as tarefas encomendadas), o proceso de recuperación consistirá na elaboración dunhas tarefas de reforzo con diferentes propostas de actividades competenciais, sobre os temas traballados nas unidades da avaliación. O docente titorizará este traballo para resolver dúbidas e/ou corrixir aqueles aspectos que sexan precisos, para así acadar os obxectivos nesta parte procedimental, que representa o citado 30% da cualificación final da materia.

2. Así mesmo, tocante ao alumnado que non acadase un resultado satisfactorio nas probas teóricas (o 70% da cualificación) realizarase tamén unha proba escrita de recuperación por trimestre. Estes exames, que seguirán a mecánica e deseño dos ordinarios, terán lugar unha vez rematado cada trimestre, isto é: no mes de xaneiro para a recuperación da 1ª avaliación; no mes de abril para recuperar a 2ª avaliación; e, finalmente, unha proba final en xuño na que o alumnado terá a posibilidade de recuperar a terceira avaliación, pero tamén de examinarse de todo o curso (naqueles casos que non superasen tampouco os plans de recuperación establecidos e continuasen lonxe dos obxectivos e mínimos fixados).

3. Cando unha alumna ou alumno precise recuperar unha avaliación por unha cualificación especialmente baixa ou negativa nun exame en concreto, pero tendo acadado os obxectivos mínimos nas restantes, poderían propoñerse como plan de recuperación dúas alternativas entre as anteriores, segundo o criterio docente. É dicir, ben unha proba teórica de recuperación específica, na que se traballen fundamentalmente os contidos e conceptos propios daquel exame non superado; ou ben, a realización dun boletín de tarefas do tipo dos citados no punto 1º, pero de novo focalizado nos contidos do temario oficial onde os resultados tiveran sido tan negativos.

4. Por último, no caso do alumnado cuxos resultados sexan claramente insuficientes en ambos aspectos, tanto no traballo e actividade diaria da materia, como tamén nas probas teóricas, o plan de recuperación implicaría unha síntese dos puntos 1 e 2: boletín de tarefas + proba teórica de recuperación.

Tocante ás cualificacións, para o seu cálculo empregaranse a mesma ponderación 70% e 30% xa citada, da seguinte maneira: o alumnado que recupere pola modalidade 1, mediante boletín de tarefas, a cualificación obtida na súa revisión co instrumento de cualificación empregado pasará a representar o 30% da cualificación da avaliación a recuperar, manténdose así a nota dos exames xa superados; o alumnado que recupere pola modalidade 2, mediante exame de recuperación, pasará a configurar a súa cualificación nesa avaliación coa nota dese exame, supoñendo esta unha ponderación do 70% e mantendo o 30% restante de caderno, traballos e outras tarefas e proxectos monográficos; do mesmo xeito, o alumnado que recupere pola modalidade 3, a cualificación desa proba específica de recuperación substituirá nas ponderacións á primeira acadada; e, finalmente, no caso do alumnado que recupere pola modalidade 4, substituirá cos novos resultados de xeito global os acadados na primeira oportunidade. Agora ben, cando un alumno ou alumna non supere os obxectivos ao longo do curso, pero si acade unha cualificación suficiente no exame final, só será avaliado como "apto", o que lle supoñerá unha cualificación numérica exclusivamente de 5 ou "suficiente".

Todo o traballo de recuperación será guiado e monitorizado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe por trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado. Medidas que seguirán, en todos os casos, os protocolos de traballo preceptivos para cadansúa situación.

De ser necesario, elaborarase a adaptación curricular do alumnado que a precise, en colaboración co Departamento de Orientación; o Departamento levará a cabo as medidas recollidas nesa adaptación que lle correspondan. Así mesmo, estableceranse as medidas oportunas para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe por TDAH, tales como adaptación de instrumentos e, e de ser o caso, tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado. De igual xeito, buscarase a localización máis idónea na aula, de forma que estean sentados cerca da mesa do profesor e, na medida do posible, ao lado de compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e axuda.

Ao longo do curso e, segundo a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse levar a cabo todas as medidas que consideremos necesarias para o correcto desenvolvemento deste alumnado. En cada unidade propónse unha asimilación progresiva, de menor a maior dificultade, dos conceptos, termos e procesos históricos estudiados. En xeral, procurarase proporcionar aos alumnos e alumnas, para os contidos de maior dificultade:

- Esquemas e/ou sínteses cos conceptos fundamentais.
- Actividades con diferentes graos de profundización.
- Páxinas de referencia para resolver dúbidas e/ou ampliar coñecementos.

Así mesmo, ese incremento progresivo da dificultade tamén estará enfocado cara a establecer as interrelacións propias dunha materia interdisciplinar coma esta, tanto ao final de cada Unidade, para que esta sexa vista coma un todo equilibrado e relacionado, como tamén entre cada bloque de contidos e os anteriores, facilitando así a comprensión e a asimilación da complexidade dos coñecementos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a paz	X	X		X	X	X	X	X
ET.5 - Educación ambiental.				X				
ET.6 - Emprendemento.				X		X		
ET.7 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.				X				X
ET.8 - Educación para o consumidor				X		X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	X
ET.2 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade.	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a paz		X	X	
ET.5 - Educación ambiental.		X	X	
ET.6 - Emprendemento.		X	X	
ET.7 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.		X	X	
ET.8 - Educación para o consumidor		X	X	

#### Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais ao longo do curso. Porén, especialmente importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e social, que será un tema que pode retomarse en todas as unidades como contido, pois o estudo da historia contemporánea é o coñecemento dos convulsos procesos que levaron á configuración dos sistemas democráticos, así como tamén ao nacemento das ideoloxías antidemocráticas. Con todo, é un elemento que se configura tamén no ámbito actitudinal do alumnado: respecto, tolerancia, empatía etc.

En segundo lugar, un aspecto fundamental de carácter transversal é a potenciación da comprensión e da expresión lingüísticas, tanto orais como escritas, pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos, redactar opinións, textos e comentarios históricos, analizar documentos históricos no seu contexto de elaboración ou cartografía temática, entre outros procedementos. Igualmente importante, neste eido, será a comunicación audiovisual e a responsabilidade no emprego das TICs, aproveitada en todas as unidades, pois servirá de apoio á práctica docente.

O terceiro elemento transversal que aparece tamén en todas as unidades didácticas será a educación para a igualdade, pois precisamente un dos fíos condutores da materia buscará analizar a exclusión das mulleres dos procesos transformadores entre os séculos XVIII-XX e a loita colectiva, baixo a organización do feminismo e das súas sucesivas ondas, cara á obtención dunha sociedade igualitaria en materia de xénero.

Outro dos elementos transversais máis fondamente traballados na historia de 4º será, por suposto, a educación para a paz: nunha materia que ten por estudo os conflitos máis importantes da historia da humanidade, a valorización da resolución pacífica de conflitos e a educación sobre o pacifismo e a non-violencia, teñen que ser necesariamente materia central para o alumnado.

En quinto lugar temos a educación ambiental: a conciencia medioambiental e ecolóxica forma parte transversal da materia, en tanto en canto o temario oficial recolle, precisamente, o estudo dos avances tecnolóxicos e das sucesivas fases da revolución industrial. Unha visión crítica da idea de progreso e dos pros e contras do desenvolvemento tecnolóxico e a globalización son, por tanto, parte intrínseca desta programación. Neste sentido, aquí se enmarca tamén o coñecemento e comprensión do significado e necesidade dos ODS, así como dunha educación do alumnado como consumidores e consumidoras responsables, pois en paralelo ao desenvolvemento económico-técnico estudaremos tamén os sistemas económicos e as transformacións vinculadas ao capitalismo.

Finalmente, o emprendemento tamén se considera importante, por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	Complementaria	X		
Viaxes científico-culturais de interese didáctico	Complementaria		X	X
Roteiros didácticos	Complementaria	X		
Proxección de cine de interese pedagóxico	Complementaria		X	X

### Observacións:

Todas as actividades complementarias e extraescolares están definidas e programadas para enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, polo tanto están consensuadas a nivel de departamento didáctico e pensadas para lograr un aproveitamento didáctico diferente fóra das aulas. As actividades fora da aula están definidas a través de tres fases:

- Primeira fase: preparación na aula previa á saída da UD correspondente.
- Segunda fase: a visita programada e organizada, o disfrute da actividade.
- Terceira fase: avaliación e comprobación dos saberes adquiridos por medio da actividade.

Poderá realizarse actividades complementarias, que consistan nalgún tipo de visita cultural, ben en coordinación con outros departamentos ou equipos de traballo (biblioteca, EDLG ou Equipo de Igualdade) ou ben por propia iniciativa do equipo docente de Xeografía e Historia, segundo oportunidades concretas que poidan xurdir ao longo do curso (temáticas de actualidade ou opcións de proximidade). Así, por exemplo, no pasado curso 22-23 realizouse unha saída a Compostela co gallo dunha obra de teatro-documental vinculada á creación da infraestrutura da rede ferroviaria española e da vía que conectaría Galicia coa meseta. Desta maneira, a saída serviu para complementarse con Bioloxía e Xeoloxía e achegarse ao museo de historia natural da USC e realizar un roteiro histórico pola cidade vella.

Neste curso 2023-24, desde o dpto. de Bioloxía realizouse xa en outubro unha saída didáctica á mina de San Fins, que contou coa colaboración do departamento de Historia, pois tamén tiña vinculación coa historia do desenvolvemento tecnolóxico, parte do temario oficial de 4º ESO. En definitiva, valoráronse as oportunidades en función da dispoñibilidade de tempo, recursos e oportunidades.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Ofrece oportunidades de recuperación
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Cumpriu co horario de clase
Valoración xeral da materia.
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada

Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
A temporalización foi adecuada.
Realizouse a avaliación inicial
Os criterios de cualificación foron axustados.
Metodoloxía empregada
Planifica leccións, ensina e avalía
É innovador/a
As actividades foron variadas e motivadoras.
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprega variedade de recursos
Explica con claridade
Resolve dúbidas
Medidas de atención á diversidade
Motiva ao alumnado
Valora o esforzo
Os contidos e actividades relacionáronse cos interese do alumnado.
Clima de traballo na aula
Crea ambiente de aprendizaxe
É ordenado nas explicacións
Sabe dirixir a clases
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Revisa a realización das tarefas propostas
Os obxectivos didácticos están ben formulados.
Outros
Demostra coñecemento da materia

**Descrición:**

O alumnado non é o único elemento do sistema educativo que debe ser avaliado. Todo o sistema o ten que ser, na procura da mellora permanente e da solución de erros, problemas ou dificultades. No que respecta á docencia, o rol de avaliador e avaliado coincide no mesmo individuo e, xa que logo, a súa actividade tamén debe avaliarse, externa e internamente. A respecto da súa autoavaliación, cabe dicir que o/a docente ten que analizar a programación



didáctica, a organización e o aproveitamento dos recursos, o carácter das relacións entre el/ela e o seu alumnado, a coordinación entre os órganos e persoas do centro, o desenvolvemento e planificación da súa práctica docente e a regularidade e calidade da relación coas familias e titores legais. Será igualmente importante obter e ter en conta a impresión dos alumnos/as e as súas suxestións de mellora.

En canto á programación didáctica, haberá que realizar unha avaliación final que teña en conta o nivel de alcance dos obxectivos, a oportunidade da distribución e secuenciación dos contidos e criterios de avaliación, a idoneidade dos métodos e materiais didácticos para potenciar a aprendizaxe por competencias, a planificación temporal, así como as vantaxes e desvantaxes amosadas pola programación en si. Toda esta actividade, reflexiva, autocrítica e avaliadora estará presente de maneira continua, por exemplo nas reunións de seguimento do departamento e na avaliación de resultados e o seguimento da propia programación ao final de cada unidade didáctica, ao obxecto de adaptar as estratexias educativas adoptadas ás necesidades específicas amosadas polo alumnado. Porén, a autoavaliación global atraerá especial atención ao remate do calendario lectivo, sendo obxecto da memoria de fin de curso, onde se recolla o nivel de cumprimento do planeado e se faga balance da súa idoneidade, así como dos aspectos a mellorar e reformular.

Como ferramenta auxiliar para reflexionar e valorar a actividade docente temos un cuestionario breve para as unidades didácticas, que será reflectido no seguimento da propia programación en PROENS, así como unha rúbrica de autoavaliación global para o curso completo. Esta contemplará os seguintes elementos:

- Temporalización das unidades e dos contidos. Planificación das unidades didácticas ao longo do curso e temporalización dos contidos que se deben abordar en cada unidade.
- Exposición da información. Claridade nas explicacións docentes, cunha recepción e cunha interacción adecuada co alumnado para comprobar a asimilación das informacións transmitidas.
- Eficacia das actividades e recursos didácticos. Elección e uso adecuados das actividades e recursos empregados para a consecución dos obxectivos didácticos e dos criterios de Avaliación formulados.
- Diversidade de recursos. Uso de gran diversidade de recursos e materiais, incluíndo as TIC e o uso educativo dos medios de comunicación, para fomentar unha aprendizaxe ampla e unha boa motivación do alumnado.
- Estratexias de motivación do alumnado. Elaboración de propostas que animen o alumnado a desenvolver as súas capacidades en función dos seus propios intereses e a manter o interese e o esforzo durante a súa aprendizaxe.
- Interacción co alumnado e tamén coas familias e o resto do profesorado.
- Avaliación das aprendizaxes e resultados acadados. Avaliación dos Contidos e dos obxectivos adquiridos.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

- Consecución de obxectivos: Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades.
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Se se consegue unha progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: obtención, selección e contraste da información obtida.
- Se colaboramos no desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.
- Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.
- Se se está progresando na liña definida no obxectivo.
- Se os resultados obtidos xeran satisfacción nas persoas implicadas.
- Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre polo menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.

Dentro do proceso de ensinanza e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo de alumnado celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente.

O equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais, que permitan solventar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo. Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens e cunha frecuencia trimestral por avaliacións a través das reunións de departamento.

No seguimento de cada UD establecerase: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións (datos que figuran en Proens).

Indicadores de logro do proceso de ensino nunha escala de 1-4

1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.

3. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
4. Combínase o traballo individual e en equipo.
5. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
6. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
7. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
8. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
9. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
10. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.

Indicadores de logro da práctica docente nunha escala de 1-4

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
6. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
7. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

## **9. Outros apartados**